

Co financiamento de:



## 28 de setembro de 2024

### Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible

*Gabinete de Igualdade do Sindicato Nacional de CC00 de Galicia*

Este ano, co gallo do día de reivindicación polo dereito ao aborto libre e seguro, as CC00 de Galicia tamén traemos a reivindicación Confederal ao noso territorio e esixímoslle ao Goberno da Comunidade Autónoma que respecte os dereitos das mulleres galegas coa aplicación escrupulosa da lei vixente:

*Lei orgánica 1/2023, de 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.*

Esta lei orgánica garante que todas as mulleres poidamos decidir sobre os nosos corpos con autonomía e información, en especial respectando o noso dereito ao aborto libre, gratuíto e na sanidade pública.

Porén, as estatísticas amosan que aínda máis do 80 % das interrupcións voluntarias do embarazo se practican nas marxes da seguridade social, a pesar de que a lei orgánica recolle claramente que todas as persoas que, cumprindo os prazos establecidos, necesiten realizar un aborto, deben ter acceso a el a través da asistencia sanitaria polo sistema público de saúde, entendendo que se trata dun dereito fundamental a decidir sobre o propio corpo.

Trátase dun dereito fundamental para a igualdade entre mulleres e homes. Só a través do dereito á saúde e á saúde reprodutiva e sexual acadaremos unha democracia plena.

No eido da acción global, CC00 apoia a iniciativa social cidadá europea: *A miña voz, a miña decisión*, que recolle sinaturas en Europa para instar a Comisión a pór en marcha unha normativa que lles exixa a todos os Estados membros o acceso seguro e gratuíto ao aborto para todas as mulleres europeas.

Así que, coma todos os anos, este 28 de setembro, as CC00 animamos a sociedade galega a unirse aos actos organizados polo movemento feminista en todo o Estado, ao tempo que alzamos a voz na nosa demanda.

**Por un dereito ao aborto efectivo  
e en condicións de igualdade para todas as mulleres!**

**LIGAZÓN** á Campaña *Mi voz, mi decisión*: <https://eci.ec.europa.eu/044/public/#/screen/home>